



centro dramático galego

T E M P O R A D A 2 0 0 7 _ 0 8

A temporada da cidadanía

Programación do Salón Teatro:
novembro - decembro de 2007

Teatro - Estrea

Boas noites

BERROBAMBÁN (Galiza)

Venres 2 de novembro ás 20.00 horas

Cineuropa

Do 3 ao 18 de novembro (excepto os días 7 e 8)

Lectura dramatizada

Lecturas en acción

CENTRO DE CREACIÓN DRAMÁTICA CONTEMPORÁNEA (CDC) (Galiza)

Xoves 8 de novembro ás 20.30 horas

Teatro

A bombilla máxica

TEATRO DO ATLÁNTICO (Galiza)

Sábado 24 de novembro ás 20.30 horas e domingo 25 ás 18.00 horas

Teatro

Medidas preventivas

ANCORA PRODUCCIÓNS (Galiza)

Sábado 1 de decembro ás 20.30 horas e domingo 2 ás 18.00 horas

Teatro

Seagull Play (A Gaivota)

(Brasil)

Sábado 15 de decembro ás 20.30 horas e domingo 16 ás 18.00 horas

Danza

Malgré nous, nous étions là

COMPANHIA PAULO RIBEIRO (Portugal)

Xoves 20 de decembro e venres 21 ás 20.30 horas

Circo - Reposición

Kamikaze

PISTACATRO EN COPRODUCCIÓN CO CDG (Galiza)

Sábado 22 de decembro ás 20.30 horas e domingo 23 ás 18.00 horas

Teatro

Mostra de Teatro Infantil de Nadal

Do mércores 26 ao domingo 30 de decembro ás 19.00 horas

Mércores 26: Circo

Kamikaze: Pistacatro en coprodución co CDG (Galiza)

Xoves 27: Teatro

Casi Romeo y Julieta: A Priori Producciones (Guadalajara)

Venres 28: Teatro para bebés

Andakibebé: Cía. Musical Teatral (Portugal)

Sábado 29: Teatro de monicreques

Golulá: Galitoon (Galiza)

Domingo 30: Teatro

Ao son das cousas: Sapristi (Galiza)

Teatro - Estrea

Boas noites

BERROBAMBÁN (Galiza)

Venres 2 de novembro ás 20.00 horas

Prezo: 10 €



Autoría: Paula Carballeira

Dirección: Jorge Padín

Elenco: Anabell Gago, Paula Carballeira, Chiqui Pereira, Manuel Vázquez e Lorena Conde

Iluminación: Fidel Vázquez

Música: Manolo Vázquez

Músicos: Vadzim Yuhnevich, Begoña Riobo e Pablo Pérez

Escenografía: Cristina F. E Marta Z.

Son: COH3 coperactiva

Sinopse:

Para poder durmir ben tes que acabar cos teus medos; iso sábeo de sobra Pedro Chosco, que é quen nos trae o sono cada noite. Xiana, pola contra, só pensa en atopar algo de tempo para xogar. Polo día, o pai e a nai de Xiana queren que a súa filla faga unha chea de cousas, pero pola noite é libre para deixar voar a imaxinación.

Cando Xiana se atopa con Pedro Chosco descubrimos que a noite garda tamén os misterios que non se atreven a asomar á luz do día. Debes ter conta, porque se non dormes, saberás que algo se agocha entre as sombras.

Obra gañadora do I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2006, que convoca o IGAEM, “Boas Noites” trata o tema do medo na infancia como ferramenta fundamental para medrar coñecendo e aceptando o mundo que nos rodea.

A compañía:

Berrobambán nace no ano 1995 como unha asociación teatral co obxectivo de potenciar diferentes manifestacións artísticas e culturais, entre as cales destacaríase o teatro. Hoxe, Berrobambán Teatro é a compañía galega con maior traxectoria en teatro infantil de actores e actrices. Desde a súa profesionalización, a compañía presentou os seguintes espectáculos destinados a público infantil: “Diariamente”, en cartel desde o ano 2000, que estivo presente nas programacións infantís galegas máis prestixiosas e que ademais tivo unha ampla traxectoria internacional. No ano 2001 estrea o espectáculo musical “Dous contos sen final e un final por fin” e, un ano despois, o concerto “Movementos para trasnos e trastes”. En 2006 Berrobambán estrea os espectáculos “A Cabana de Babaigá”, producido polo CDG, e “BUH!”, unha montaxe de gran coidado estético, tanto na escenografía, atrezzo e vestiario, coma na iluminación, na música e no deseño da coreografía de movementos. Partindo de referentes universais e recuperando as peculiaridades da nosa tradición cultural, en “Buh!” o medo chega para ternos sobre aviso, para espertar os nosos sentidos e devolvernos a humildade de sentirnos nenos e nenas, con toda a nosa inocencia e sorpresa ante o que acontece diante dos nosos ollos.

Ademais do seu traballo dedicado ao público infantil, a compañía ten aberta unha liña de traballo orientada a público adulto con obras como “NdC”, estreada no ano 2001 a partir de textos de Rodrigo García, ou o espectáculo de cabaré punkarra “Vendetta”, estreado no ano 2004.

Cineuropa

Do 3 ao 18 de novembro

Excepto os días 7 e 8

Lectura dramatizada

Lecturas en acción

Centro de Creación Dramática Contemporánea (CDC)
Galiza

Xoves 8 de novembro ás 20.30 h.

Prezo: 3€

Baixo o título de “Botóns de mostra”, trátase de facer unha pequena mostra pública do traballo realizado na primeira edición do obradoiro “Curso para unha dramaturxia de actualidade”, que desenvolveu o CDC na pasada temporada 2006-07.

O director do obradoiro, Cándido Pazó, é o responsable da dramaturxia para a lectura escénica deste collage a partir de fragmentos dos textos escritos por alumnos participantes. Para esta ocasión, foron seleccionados os seguintes textos: “Visión nocturna”, de Santiago Cortegoso; “Movidas”, de Clara Gayo; “Todo está escrito” de Fusa Guillén; “Alzheimer”, de Carlos Labraña; “Alma” de Ricardo Conde e “Dous océanos” de Octavio Mas.

Os membros da compañía Talía Teatro encargaranse da posta en escena desta lectura dramatizada e a escenografía correrá a cargo de Carlos Alonso.

Teatro

A bombilla máxica

TEATRO DO ATLÁNTICO (Galiza)

Sábado 24 de novembro ás 20.30 horas e domingo 25 ás 18.00 horas

Prezo: 10 € | Domingo (día do espectador): 5€



Autoría: Woody Allen

Dirección: Xúlio Lago Alonso

Adaptación: Avelino González e Olga F. Nogueira

Elenco: Manu Fernández, Daniel Lago, María Barcala, Dami Contreras, Lucía Regueira e Gonzalo Uriarte

Escenografía e vestiario: Antonio F. Simón

Deseño de son e iluminación: Xúlio Lago

Música: Jazz. vv.aa. Standars

Sinopse:

A vida da familia Pollack (pai, nai e dous fillos adolescentes) atópase nunha etapa difícil, de absoluta infelicidade sentimental e nunha complicada situación de precariedade laboral. O marido, Max Pollack, con cincuenta anos, xogador compulsivo, está en plena "crise dos corenta" e non dá saída dela. Aterrorizado pola inevitable perda da súa xuventude, aférrase desesperadamente á relación dunha nova amante que o fai sentirse aínda atractivo e desexable e coa que pensa en utópicos proxectos de futuro.

A esposa Enid Pollack, informada dos amoríos do seu marido, aguenta o tirón na esperanza de que o vento cambie, ao tempo que afronta como pode a complicada relación cos seus adolescentes fillos, de catorce e dezasete anos: Steve, o menor, unha firme promesa de delincente profesional, farto das súas obrigas escolares, sente unha forte atracción polas armas, por roubar, provocar incendios, aprender trampas para futuras partidas de cartas, etc. Paul, o fillo maior, tartamudo, "148 de coeficiente intelectual", vítima dunha insuperable fobia social, intenta fuxir do seu terror refuxiándose no mundo da maxia, practicando obsesivamente un número tras outro e creando unha realidade paralela que lle faga soportable a súa existencia.

Completando o cadro, dous personaxes nos extremos; Jerry, home maduro, representante de "grandes" figuras do espectáculo, unha vida esperando descubrir unha "estrela" que nunca deu chegado. As máscaras da alegría e do humor e o disfrace dunha roupa pretendidamente elegante esconden o fracaso que non se quere ver. E finalmente Betty, nova, fermosa, desexable, fráxil e inxenua, necesita desesperadamente fuxir do seu contorno sen horizonte no que vive, e puxo os seus ollos, o seu corazón e as súas esperanzas en Max Pollack.

A compañía:

Fundada en 1985, Teatro do Atlántico leva producidos ata o momento vinte e tres espectáculos a partir de textos dos máis importantes dramaturgos do teatro contemporáneo: Ibsen, García Lorca, Fassbinder, Heiner Müller, Ernesto Caballero, Manuel Lorenzo, Roberto Salgueiro ou Sanchis Sinisterra.

Aínda que ten a xeografía galega como marco fundamental da súa actividade, leva realizado xiras por practicamente todas as comunidades autónomas do Estado español e por diversas cidades de Portugal, Arxentina, Uruguai e Venezuela.

Participou tamén en diversos festivais nacionais e internacionais, presentando os seus espectáculos sempre en lingua galega. Na súa traxectoria figuran numerosos premios ao

Mellor Espectáculo, Mellor Actor e Mellor Actriz Principal e Actor Secundario, Mellor Dirección ou Mellor Escenografía.

De todos os espectáculos que Teatro do Atlántico ten no seu haber, “O encoro”, de Conor McPherson, e “A raíña da beleza de Leenane”, de Martin McDonagh, son os máis recentes, así como o recital poético-musical “Memoria do 36”, que xira ao redor da Guerra Civil e a posguerra en Galiza, nun percorrido pola obra dunha vintena de poetas.

Teatro

Medidas preventivas

ANCORA PRODUCCIÓNS (Galiza)

Sábado 1 de decembro ás 20.30 horas e domingo 2 ás 18.00 horas

Prezo: 10 € | Domingo (día do espectador): 5€



Autoría e dirección: Gustavo Pernas Cora

Elenco: Ánxela G. Abalo, Vicente de Souza e Xosé Bonome

Escenografía: Suso Montero

Deseño de son e música: Bernardo Martínez

Iluminación: Miguel Soto

Vestuario: Ánxela G. Abalo

Premio ao Mellor Libro de Teatro 2007 da
Asociación de Escritores en Lingua Galega

Sinopse:

“Medidas preventivas” quere lanzar unha mirada irónica e crítica, non exenta de humor negro, sobre as novas relacións e os novos comportamentos sociais. Medidas preventivas, que venden protección a cambio da submisión e seguridade, a cambio de medo. Medidas que instalan os cidadáns nun consumo despreocupado a cambio da desconfianza social. Medidas desenfocadas e dirixidas a cidadáns de a pé, presuntos culpables nos seus actos cotiáns que foron nacendo entre guerras preventivas e catástrofes inesperadas, entre prevencións sobredimensionadas e interesadas e a negligencia e pasividade dos gobernantes diante do clamor da fame ou da contaminación mundial. Fragmentos de ficción ou sucesos dunha realidade que xa existe ou á que asistiremos en breve.

A compañía:

Ancora Produccións nace en 1989 da man de dous profesionais de teatro cunha longa traxectoria ás súas costas, Ánxela G. Abalo e Gustavo Pernas Cora, a partir dunha coincidencia de criterios artísticos e de investigación. Afonda no espazo do teatro nesta “sociedade do espectáculo”, telecomunicada e hiperinformada, pero sen lugar para intervalos onde agrome o coñecemento e a diferenza, onde o corpo se comunique a escala humana, á medida da voz e do xesto.

Sempre na fronteira, utiliza o humor como estratexia, a terapia dun espello diante do espectador para que se ría, ás veces sen sabelo, de si mesmo. Humor como diversión, pero tamén humor como reflexión que nos conduce ao compromiso. “Participamos dun compromiso dende a escena, acción comprometida no social, nunca no banal. Que outros redunden neste imperio da banalidade”.

Ancora Producións participa coas súas obras en diversos festivais de teatro especialmente na Península Ibérica e segue a participar activamente en diversos foros culturais. "O galego, a mulata e o negro", dirixida por Gustavo Pernas Cora (1990). "Ladraremos", de G. Pernas Cora (1996). "Fábula", de G. Pernas Cora (1997). "Anatomía dun hipocondríaco", de G. Pernas Cora (1998). "Sucesos", por G. Pernas Cora e Ánxela G. Abalo (2000). "Footing", de G. Pernas Cora (2001). "Hai que romper" baseada en textos de Antón Avilés de Taramancos e dirixida por G. Pernas Cora e Ánxela G. Abalo (2003). "Paso de cebra", de G. Pernas Cora e Ánxela G. Abalo (2004). "Final de película", de G. Pernas Cora (2006).

Teatro

Seagull Play (A Gaivota) (Brasil)

Sábado 15 de decembro ás 20.30 horas e domingo 16 ás 18.00 horas

Prezo: 10 € | Domingo (día do espectador): 5€



Autoría: creación colectiva a partir do texto de Anton Chéjov

Dirección: Enrique Diaz

Elenco: Lorena da Silva, Emílio de Mello, Enrique Diaz, Felipe Rocha, Gilberto Gawronski, Malu Galli e Isabel Teixeira

Escenografía: Afonso Totes

Iluminación: Maneco Quinderé

Vestuario: Cello Silva

Música: Lucas Marcier e Rodrigo Marçal

Coreografía: Cristina Moura

Vídeo: Daniela Fortes e Enrique Diaz

Producción en Europa, Made In Productions

Sinopse:

Encontrarse a si mesmo en medio do caos do noso tempo, as crisis ideolóxicas e os novos conflitos. Baixo esta idea, o director Enrique Diaz desenvolve esta obra de teatro experimental e realiza unha posta en escena inspirada na obra de Chéjov e baseada na reconstrución dun clásico con diálogos entre os actores sobre os seus personaxes.

A montaxe conta a historia dun escritor incipiente, fillo dunha actriz coñecida, que busca a súa propia identidade a través da súa escrita. A obra presenta a vida baixo a mirada do célebre autor ruso, levando ao escenario o cotiá das persoas que, atormentadas por un ideal superior ás súas forzas, contemplan a propia existencia. Incapaces de realizar os seus soños, perden a liberdade de voar, como unha gaivota que alguén que non tiña nada que facer matou casualmente.

"Seagull Play (A Gaivota)" estreouse en Europa no Festival de Outono de París e ofrecerá catro funcións en España: dúas no Teatro de Laboral en Xixón e outras dúas no Salón Teatro de Santiago de Compostela, onde se desenvolverá tamén un encontro de Enrique Diaz con profesionais das artes escénicas.

Enrique Diaz:

O director brasileiro Enrique Diaz (1968) ten dirixido numerosas obras de teatro xurdidas dos repertorios clásico e contemporáneo entre as que destacan: "As tres irmáns" de Chéjov,

“Cobaías de Satán” de Filipe Miguez, e comedias como “Só eles o saben” de Jean Tardieu ou “Unha cousa moi louca” de Flavio de Souza.

Con 19 anos fundou a Companhia dos Atores en Río de Xaneiro. A Compañía orixinouse como experimento no que se combinaban as diferentes técnicas dos grandes mestres dos séculos XIX e XX, como Kantor, Meyerhold ou Bob Wilson. O seu propósito era tentar asimilar a base da dramaturxia tradicional, pero situando o foco na fisicalidade do teatro, no corpo do actor, nos volumes, nas sonoridades; buscando facer concreto o abstracto e en pro dunha poética eminentemente teatral. Despois de varios anos de traballo, a Compañía dos Actores afírmase como un dos grupos máis importantes e orixinais do teatro brasileiro, debido especialmente a unha metodoloxía de traballo na que prima a intensa colaboración e compromiso entre todos os creadores implicados no proxecto.

Recibiu numerosos premios como os Molière, Sharp, Shell e Mambembe e dirixiu o Teatro Ziembinski entre 1994 e 1997, así como o Espazo Cultural Sergio Porto en 1998. A súa obra foi divulgada en diferentes cidades brasileiras e en festivais e teatros de todo o mundo, coma Berlín, Moscova, Nova York, Bos Aires, Bogotá, París, Lisboa, etcétera.

Danza

Malgré nous, nous étions là

COMPANHIA PAULO RIBEIRO (Portugal)

Xoves 20 de decembro e venres 21 ás 20.30 horas

Prezo: 10 €



Coreografía e interpretación: Paulo Ribeiro e Leonor Keil

Música: Bernardo Sasseti, Gilbert Becaud e Barbara Travadinha

Deseño de luz: Nuno Meira

Vídeo: Paulo Américo

Sinopse:

“Malgré nous, nous étions là” é un espectáculo intimista que marca o regreso do coreógrafo Paulo Ribeiro como bailarín. Con Leonor Keil, a súa muller, danza un dueto baseado en textos do “Livro da Dança” de Gonçalo M. Tavares, con música de Bernardo Sasseti, Gilbert Becaud e Barbara Travadinha.

A compañía:

A Companhia Paulo Ribeiro é unha compañía de danza contemporánea portuguesa, fundada en 1995, ao longo de varios anos de traballo do coreógrafo que lle deu o nome, xunto a algunhas das máis prestixiosas compañías de danza contemporánea europeas. Preséntase regularmente nas principais salas de espectáculo de Portugal, así como do resto de Europa, Brasil e Estados Unidos. Desde o ano 1998 é a compañía residente no Teatro Viriato.

Circo - Reposición

Kamikaze

PISTACATRO EN COPRODUCCIÓN CO CDG (Galiza)

Sábado 22 de decembro ás 20.30 horas e domingo 23 ás 18.00 horas

Prezo: 10 € | Domingo (día do espectador): 5€



Autoría: Pistacatro e Hernán Gené

Dirección e dramaturxia: Hernán Gené

Elenco: Antón Coucheiro, Borja Fernández, Xabier García, Manuel Lago, Alfonso Medina, Pablo Reboleiro e Natalia Outeiro

Escenografía, atrezzo e vestiario: Carlos Alonso

Deseño de iluminación: Alfonso Castro

Deseño de son: Alfonso Gutiérrez Castro

Música: Xabier Mera, Borja Fernández e José Díaz

Sinopse:

A homenaxe pola morte do Sr. Kamikaze reúne os seus estraños camaradas nunha cerimonia que repiten solemnemente cada ano. Un tipo gris e aburrido chega alí de xeito accidental. Quen era ese morto para merecer tanta honra? Por que despois da morte se celebra tanto a vida? Será que a vida é tamén unha kamikaze?

Neste espectáculo cómico dirixido a todos os públicos están presentes teatro, novo circo, ilusionismo e música en directo.

A compañía:

Fundada por sete artistas con sede en Santiago de Compostela e pioneira en Galiza en crear, producir e distribuír espectáculos de Novo Circo e Cabaré, Pistacatro Produtora de Soños S.L. preséntase como unha empresa innovadora e competitiva, tanto nos seus produtos como nas súas propostas.

Actores de teatro, músicos, malabaristas, acróbatas e clowns, este heterodoxo grupo de artistas decidiu establecerse como empresa tras unha traxectoria xuntos desde o ano 2000. Sete anos nos que estivo formándose e actuando con outras compañías por Galiza, o Estado español e polas máis diversas partes do mundo: Cuba, Rusia, Brasil, Arxentina, Gran Bretaña, India, Mozambique, Portugal, República Checa, Italia, etc.

A empresa nace para distribuír os números producidos por cada un dos integrantes de xeito individual e crear e producir novos espectáculos colectivos da compañía cos que dar o seguinte paso cara ao seu asentamento na industria das artes escénicas.

Na actualidade a empresa conta con once producións propias no seu catálogo, que comprenden espectáculos de rúa, teatro contemporáneo para salas, espectáculos de música en directo e xéneros mixtos como a organización e produción de cabarés.

Teatro

Mostra de Teatro Infantil de Nadal

Do mércores 26 ao domingo 30 de decembro ás 19.00 hora

Prezo: 6 € | Bono para asistir a todas as representacións: 25€



Circo

Kamikaze

Pistacatro en coprodución co CDG
(Galiza)

Mércores 26 ás 19.00 horas

A homenaxe pola morte do Sr. Kamikaze reúne os seus estraños camaradas nunha cerimonia que repiten solemnemente cada ano. Un tipo gris e aburrido chega alí de xeito accidental. Quen era ese morto para merecer tanta honra? Por que despois da morte se celebra tanto a vida? Será que a vida é tamén unha kamikaze?

Neste espectáculo cómico dirixido a todos os públicos están presentes teatro, novo circo, ilusionismo e música en directo.

Teatro

Casi Romeo y Julieta

A Priori Producciones
(Guadalaxara)

Xoves 27 ás 19.00 horas

Tras longos e esgotadores días de camiño cargados de equipaxe e buscando un escenario, os nosos protagonistas, por fin, encontrárono.

-Somos pallasos e... e... e isto é... un escenario! E ten de todo: decorados, luces de cores, e... e... e vós sodes... Público. Imos facer un show!!! Benvidos á representación da máis famosa traxedia de amor de todos os tempos: "Romeo e Xulieta"... ou case.

"Case Romeo e Xulieta", porque, como van representar uns pallasos unha traxedia? Os pallasos fan rir, sempre fan rir, é a súa esencia, está na súa natureza, é o seu obxectivo, é o motivo da súa existencia e o seu fin.



Teatro para bebés

Andakibebé

Cía. Musical Teatral (Portugal)

Venres 28 ás 19.00 horas

Este espectáculo, recomendado para familias con bebés, presenta situacións escénicas de gran colorido animadas por imaxes de vídeo. Seis músicos interpretan en vivo cancións orixinais e arranxos sobre rimas e cancións da cultura tradicional portuguesa especialmente concibidas para o público infantil.



Teatro de monicreques

Golulá

Galitoon (Galiza)

Sábado 29 ás 19.00 horas

Había unha vez un país; o seu nome era Golulá. A diferenza doutros países, en Golulá as persoas eran todas diferentes: de diferentes especies, de diferentes formas, de diferentes cores, mesmo falaban diferentes idiomas, pero aínda así todos se entendían.

O máis curioso de Golulá é que só tiña unha nube, unha e ningunha máis. Os habitantes de Golulá tiñan medo de perdela e por iso, un gardián moi especial coidaba dela: Bunkaa, un gorila moi grande, forte e de gran corazón. Neste país tamén vive a súa mellor amiga, Lara, unha nena aventureira, riseira e emprendedora. Pero un día, o malvado Doutor Terrier roubou a única nube de Golulá e todo cambiou: o riso deixou de escoitarse, os ríos comezaron a secarse, os nenos tiñan sede...

Lara e Bunkaa comezarán unha viaxe por terra, mar e aire chea de aventuras e perigos para tentar salvar o seu país: Golulá.



Teatro

Ao son das cousas

Sapristi (Galiza)

Domingo 30 ás 19.00 horas

Sara e Berta son dúas escoitadores e recolectoras de sons. Andan de aquí para alá segundo as leve o vento, o son preferido da súa colección. Cada vez que o escoitan, saben que chega o momento de prepararen os vultos e deixárense levar a un novo porto.

En cada lugar ao que chegan, son convidadas a xogar cos novos sons con que se atopan: os bocexos, o croar das ras, o ladrido dun can, o repenico dunha gota, o tictac dun reloxo... Mais un son novo encóntrase cos que xa teñen gardados, a recado, na súa equipaxe.



centro
dramático
galego



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais



SALONTEATRO



TEATRO GALEGO